



Praza de Feixóo nº 1-1º
15704 Santiago de Compostela
Tfno. 981-573580
berenguelamusica@berenguelamusica.com
www.berenguelamusica.com

Concerto de órgano e cornetto

Marisol Mendive Zabaldica (órgano)

Ana Pazos Pintor (cornetto)

Sábado, 8 de outubro de 2016, 20.00 h.

Capela Xeral de Ánimas

MARISOL MENDIVE ZABALDICA. ÓRGANO

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realiza estudos de órgano cos profesores J. L. González Uriol (Zaragoza) e M. Torrent (Grao Superior, Barcelona). Participa en numerosos cursos de perfeccionamento dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, etc. Traballou durante varios anos como Organista e directora do Departamento de Música do Santuario de Torreciudad (Huesca).

A súa actividade como concertista desenvolveuse en numerosas capitais españolas e diversas cidades de Italia, Suíza, Croacia, Noruega, Portugal, Alemaña México e Madeira.

Ao longo da súa carreira realizou diversas gravacións discográficas. En 2008 gravou no órgano da Sé de Zaragoza, a obra inédita de D. Joaquín Broto Salamero (1921-2006) último organista deste importante monumento histórico aragonés.

No seu afán por achegar o órgano a novos estudantes e novos colectivos, desenvolve co apoio loxístico do Concello de Celanova, o proxecto denominado “Concertos Didácticos de Órgano para escolares”. Os devanditos concertos están dirixidos a estudantes de secundaria e bacharelato de toda Galicia. Desde o ano 2008 ata o momento actual asistiron máis de 9.000 alumnos.

Desde o ano 2004 é profesora de órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e directora artística do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía (Ourense). Preside a Asociación de Amigos do órgano “Un intre non tubo”, de recente creación.

ANA MARÍA PAZOS PINTOR. CORNETTO

Nace en Visantofña (Santiso) no ano 1979, no seo dunha familia de músicos. Da man do seu avó, Eugenio Pazos Reyes, comeza os estudos de solfexo e trompeta. No ano 2000 obtén o título de profesora de trompeta no Conservatorio Superior de Música de Santiago.

No 2011 inicia o seu primeiro contacto co cornetto asistindo aos cursos internacionais de música antiga en Daroca e na localidade francesa de Barbaste, cos mestres Paco Rubio e J.P. Canihac.

No curso 2014-2015 matricúlase no Département Musique Ancienne do Conservatoire à Rayonnement Régional de Toulouse, asistindo a clases de cornetto e diminucións con Philippe Matharell.

O curso pasado accede á Le Pôle des Arts Baroques, no mesmo conservatorio, onde continúa os seus estudos con Jean Pierre Canihac.

Este ano, como membro da clase de *cuivres* (cornettos e sacabuches), participa en concertos realizados en varias vilas francesas en colaboración con Les Sacqueboutiers (o grupo de música antiga máis prestixioso de Francia).

Colabora cos grupos de música antiga 1500, Martín Códax, coa Capela Compostelana, coa Capela Finisterrae e tamén cos coros Ultrae e Vox Stellae. Con Vox Stellae gravou varios discos: *Gaude, María Virgo, Defensor alme Hispaniae* (que recibiu o premio da crítica Melómano de Ouro que concede a revista *Melómano*) e *Salvete Flores*, estes dous últimos de Matías García Benayas, mestre de capela da Catedral de Tui (†1737).

PROGRAMA

- CLEMENS NON PAPA (1510 – 1555) *
DIMINUCIÓN G. BASSANO
Frais et Gaillard
- G. FRESCOBALDI (1583-1643) *
Canzona Quarta detta La Donatina
- C. SEIXAS (1704-1742) **
Sonata en do menor
Toccatina en Re Mayor
- J. OXINAGAS (1719-1789) **
Fuga de I modo (sol menor)
- P. BRUNA (1611-1679) *
Tiento de primeiro ton de man dereita
- G.P. CIMA (1570-1622) *
Sonata en re menor
- J. DE SOUSA CARVALHO (1745-1798) **
Toccatina en sol menor
- A. SOLER (1729-1783) **
Sonata 25 ao modo dórico
- P. LARRAÑAGA (S. XVII) **
Sonata en 5º ton
- D. FONTANA (1543-1607) **
Sonata quarta
- G. DA PALESTRINA (1525-1594) *
DIMINUCIÓN BOVICELLI
Io son ferito
- A. CORREA BRAGA (Circa 1695) **
Batalla de 6º tom

* Cornetto e órgano

** Órgano só